

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 30 DE XANEIRO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
Espino Alvarado, Héctor
García Cabo, Manuel
Juana López, Jesús de
Pérez Rguez, Fco. Javier
Prada Rodríguez, Julio
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María (Año
sabático)
Lozano González, Carlos
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Taboada Rodríguez, Sofía
Valín Fernández, Alberto
(baixa)

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o luns 30 de xaneiro de 2017, ás 17.15 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 24 de xaneiro de 2017

- Lectura e aprobación da acta anterior (19 de xaneiro de 2017)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, do Informe pola dirección (DE-03 P1 Anexo 1)
- Aprobación, se procede, da Normativa de TFM do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
- Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do segundo cuatrimestre
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (19 de xaneiro de 2017)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (de baixa), María López (ano sabático), Beatriz Comendador, Arturo Real (cuestións persoais), Sofía Rodríguez (cuestións persoais), Antonio Presedo (cuestións persoais) e Carlos Lozano (cita médica).
- Informa que a pasada semana tivo unha reunión co Reitor e os demais Decanos/Directores de centro do campus. Nesta xuntanza o Reitor comunicou que a Xunta de Galicia abre o mapa de titulacións. Ata o 15 de febreiro haberá prazo para facer a declaración de intencións dun novo título. Nós, como estamos nun Plan de viabilidade e acabamos de enviar a súa valoración, imos agardar que contesten dende a Xunta. O reitor pensa que, aínda que non se alcanzaron os 45 prescritos, pódemos conseguir unha moratoria para o noso grao porque a cifra de 36 está moi próxima. As titulacións que non consigan a viabilidade do grao terán dúas opcións, ofertar unha nova titulación ou estudar as posibilidades de oferta conxunta coas outras universidades do SUG que teñan problemas de demanda, aínda que non se sabe como sería a estrutura desta última opción. Comentou que primarán títulos coa especialización dos campus. No caso de ter en mente propor un novo título, aínda que sexa para o curso 2019/20, deberíase facer a declaración de intencións nesta vindeira convocatoria.
- Comenta que a semana pasada tivo unha reunión coa alcaldesa do Concello de Oímbra para tratar da colaboración solicitada polo concello á nosa facultade. O seu obxectivo é que realicemos un estudo histórico do concello, que abranguería as Áreas de Prehistoria, Historia Antiga, Medieval e Moderna. Sería un traballo de historiografía, arquivos e documentación, sen escavación arqueolóxica. Para artellar esta colaboración vaise asinar un Convenio Marco coa Universidade de Vigo e logo un Convenio Específico coa Facultade de Historia no que se recollerá a convocatoria de dúas bolsas para graduados. O orzamento de que dispoñen é duns 4.000€. Beatriz Comendador, Beatriz Vaquero e Francisco Javier Pérez están deseñando o borrador do mencionado Convenio Específico.

3. Aprobación, se procede, do Informe pola dirección (DE-03 P1 Anexo 1)

A este informe, remitido coa acta para facer suxestións, xa se lle fixeron todas as modificacións apuntadas, tamén as consideracións aconselladas pola Área de Calidade e a Comisión de Calidade do centro. Este informe forma parte da documentación que hai que subir á plataforma da acreditación do título.

Os membros da Xunta de Facultade aproban o informe.

4. Aprobación, se procede, da Normativa de TFM do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Apróbase a normativa de TFM do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

5. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do segundo cuadrimestre

A directora do Departamento, Beatriz Vaquero, comenta que debido á baixa do profesor Alberto Valín, se fai necesaria a incorporación do profesor invitado Maiquel Vázquez, que impartirá a materia de Historia contemporánea de España, sendo necesaria unha reestruturación dos horarios que afectan tamén a materia de Mundo actual e de Introducción á historiografía, impartidas polo profesor Jesús de Juana. Polo que os horarios quedarían do seguinte xeito:

- Introducción á historiografía: martes e mércores 12.00-13.00h. e xoves 11.00-13.00h.
- Hª contemporánea de España: martes 16.00-18.00h. e xoves 16.00-17.00h.
- Mundo actual: mércores 10.00-12.00h. e xoves 09.00-10.00h.

Así mesmo informa da incorporación dunha profesora asociada para impartir a materia de Historia da Arte Contemporánea e de outros dous profesores asociados para impartir docencia na Área de Historia Moderna, como consecuencia do ano sabático da profesora María López.

Apróbase a modificacións de horarios do segundo cuadrimestre. Estas modificacións nos horarios serán inmediatamente reflectidas na páxina web do centro.

6. Rolda de intervencións

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.55 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

MCarmen Arribas Álvarez